

os bolechas

PEPE CARREIRO



COMO PRODUCIR MENOS LIXO

www.sogama.gal


 bolanda



XUNTA
DE GALICIA

galicia

Como producir menos lixo




os bolechas

PEPE CARREIRO

guías

COMO PRODUCIR MENOS LIXO



XUNTA DE GALICIA bolanda


os bolechasTM

PEPE CARREIRO

guías




COMO PRODUCIR MENOS LIXO



Os Bolechas teñen o caldeiro do lixo cheo. Pero eles **queren producir menos lixo** e neste libro van aprender como facelo.



Porque en Galicia producimos **máis de 1 millón de toneladas de lixo**. Cada día, cada un de nós, produce máis de 1 kg. Todo este lixo dana o medio ambiente; ademais, recollelo e tratalo custa moitos cartos.




Os Bolechas van facer unha merca responsábel no supermercado, para axudaren a reducir o lixo. Porque **cada un de nós pode axudar**, aínda que sexa só un pouquiño.



Eles levan un carro e unha bolsa de tea da casa, para non usar as bolsas de plástico que dan no supermercado. Porque o carro e a bolsa de tea non se tiran, **serven para sempre**.



Braulio colle iogures dos que non veñen empacuetados con cartón. Se non tivese outra opción, o cartón debería de depositalo no **contedor azul**. Sonia e Loli collen froita **a granel**, non da que vén envasada.



Porque as bandexas tardan máis de **500 anos** en desintegrarse na contorna e, se acaban no mar, son perigosas para os animais, xa que as confunden con alimento.



Os Bolechas continúan a súa merca responsábel polo supermercado. Carlos colle leite embotellado en **botella de vidro**.



Porque os *bricks* están feitos con plástico, cartón e aluminio e non son doados de reciclar. As botellas de vidro, en troques, **pódense reciclar até o infinito**. Dunha botella vella faise outra nova da mesma calidade.




Os Bolechas remataron a compra. O caixeiro dálles bolsas de plástico para que metan as cousas, mais eles rexéitanas, porque levan **o carro e a bolsa de tea** da casa.




As bolsas de plástico tardan 450 anos en desintegrarse na contorna. As que van serigrafiadas producen ademais residuos contaminantes. Cada semana usamos na casa unhas 15 bolsas de plástico por persoa. Hai que reutilizalas todo o que se poida e, cando xa non sirvan, deben depositarse no **contedor amarelo** para que poidan ser recicladas.




Braulio aproveita o papel usado antes de o tirar e **debuxa polas dúas caras**. Sonia aproveita as caixas de cartón **para gardar cousas**. E os pais aproveitan o papel da impresora **polas dúas caras**.



Os Bolechas están a envolver un boneco con papel de agasallo para lle regalar a unha amiga que está de aniversario. Estarán a facelo ben?




Todo o papel que usamos para envolver un agasallo é **para tirar**. É mellor usar caixas vellas, papel vello, ou, simplemente, agachar o regalo detrás nosa e darlle unha sorpresa aos nosos amigos e amigas.



Como en case todas as casas, na dos Bolechas sobra moita comida. Unhas veces porque se estraga no frigorífico, outras porque non se dá comido toda. Que podemos facer para evitalo?



A cantidade de comida que botamos ao lixo é grandísima, daría para alimentar **millóns de persoas** que pasan fame no mundo.



Para aforrar comida e que non se estrague na casa, debemos de mercar **só a que vaiamos consumir**. Tamén temos que calcular ben a que imos comer en cada comida e **non cociñar demais**.



Para aproveitar as sobras da comida, podemos facer con elas **pratos ricos e nutritivos**. Coas de polo, por exemplo, fanse croquetas, empanadillas ou ensaladas, e coas do cocido, unha mestura chamada roupa vella.



Algo parecido ao que nos pasa coa comida, pásanos coa roupa. Case todos mercamos **roupa demais**, que amreamos nos armarios e non damos usado. Moitas veces tirámola nova.



Debemos de mercar **só a roupa que vaiamos usar** e non mercar prendas por capricho. Non precisamos ter catro gabáns, un que faga xogo cos zapatos, outro coa saia, outro cos pantalóns e outro cos calcetíns.



Se seguimos os consellos que se dan neste libro, poderemos **reducir** a cantidade de lixo que producimos cada día nas nosas casas.



Os Bolechas aprenderon a producir menos lixo. O caldeiro está agora case baleiro. Verdadeiramente **é ben doado axudar a conservar o medio ambiente.**



Cada día, cada un de nós, producimos **máis de 1 kg de lixo.**



Usando un **carro** ou unha **bolsa de tea** aforramos moitas bolsas de plástico.



As bandexas de porexpan tardan **500 anos** en se desintegrar na contorna e son perigosas para os animais. O seu destino debe de ser o contedor amarelo.



Unha botella de vidro pódese **reciclar até o infinito**.




Os panos de mesa de papel, os rolos de papel de cociña ou os panos das mans de papel **só se usan unha vez** e acaban no caldeiro do lixo.




A cantidade de comida que botamos ao lixo daría para alimentar a **millóns de persoas**.


1. A reciclaxe



Pano de tea




Brick de leite



Panos de papel



Bolsa de plástico



Botella de cristal



Bolsa de tea

Sinala. Debuxa unha cara contenta nos elementos que contribúen a mellorar o medio ambiente e unha cara triste naqueles que o prexudican.





Colorea e busca as 7 diferenzas entre os dous montóns de lixo.



3. Como xerar menos residuos

1. Sonia e Loli collen froita...

- A) Envasada B) A granel C) De oferta

2. Cantos anos tarda en desintegrarse unha bandexa de porexpan?

- A) 15 días B) 3 meses C) Máis de 500 anos

3. Cantas veces se pode reciclar unha botella de vidro?

- A) Até o infinito B) Ningunha C) Só 3 veces

4. Que podemos facer coa comida que sobra?

- A) Nada, hai que tirala B) Aproveitala para facer outras comidas

Sinala cun círculo a resposta correcta.

SOLUCIÓNS: 1: a granel. 2: máis de 500 anos. 3: até o infinito. 4: aproveitala para facer outras comidas.

4. Palabras clave

A	M	D	H	D	B	E	C
R	F	E	V	I	D	R	O
E	K	T	Y	G	U	Z	N
C	P	V	T	B	O	W	T
I	O	A	W	H	C	T	E
C	X	S	S	T	D	G	D
L	W	O	A	E	R	B	O
A	A	I	X	R	B	I	R
X	E	R	Q	C	M	M	J
E	I	A	E	F	G	S	M
F	V	H	R	G	T	A	P
C	F	L	I	X	O	E	L
C	A	R	T	O	N	I	Z
P	L	A	S	T	I	C	O

Busca na sopa de letras as seguintes palabras:


VASOIRA - LIXO - RECICLAXE - CARTÓN - VIDRO - PLÁSTICO - CONTEADOR

5. Os contedores



A que contedor tería que tirar Braulio o cartón dos iogures? Sinala cunha frecha.

6. O lixo e o mar



Debuxa os residuos que se tiran ao mar e danan a vida dos animais.